

# proPostas // 9


**Viches o león?** ·

Armando Quintero,

Géraldine Alibeu (il.) ·

OQO, 2010 ·

48 páx · 12,50 euros



**C**ONTO PARA LER E PARA VER. Acompañado das ilustracións da francesa Géraldine Alibeu, o escritor Armando Quintero presenta en OQO o seu segundo título infantil: *Viches o león?*, unha lírica composición na que os silencios teñen tanto que dicir coma as palabras.

A historia transpórtanos a unha selva nocturna e apracible, na que a lúa está continuamente presente, onde atopamos a pequena ra á procura do león. Cargada cunha carta “que arrecende a herba e a flores frescas”, a ra vai seguindo os pasos do mamífero como se dunha investigación se tratase, e é só grazas á colaboración dos demais animais que consegue dar con el.

A través das respostas que a ra obtén dos seus veciños, tamén o lector vai obtendo datos da aventura do león e das súas arelas de chegar ata a lúa, incrementándose a curiosidade segundo a viaxe avanza. Cal é a razón pola que o león non caza nin come e se dedica a andar detrás da lúa? A resposta non se descubrirá ata o final, como ocorre nas mellores narracións de misterio.

As ilustracións de Alibeu son indispensables para crear a atmosfera do relato. Un evidente estatismo, grandes horizontes, nocturnas estampas e cores apagadas intensifican a soildade da selva, a quietude, a inmensidada. Teñen ademais unha marcada función narrativa e rítmica, pois as escenas que non teñen texto –aquelas nas que vemos o león en fuxida– son determinantes no avance do relato e marcan os silencios que a narración precisa. A través destas estampas coñecemos tamén un pequeno neno que segue o desenvolvemento da historia como espectador, de maneira semellante ao que facemos nós como lectores. A introdución deste personaxe observador é un dos grandes acertos do libro, así como o emprego desas ilustracións sen texto.

O estranxo comportamento do león, que a todos desconcerta, é o misterio que finalmente descobre a ra cando dá con el para lle entregar a carta, elemento principal na resolución da trama. E non é outra cousa que a picada do amor o que aguilla ao rei da selva. Desta maneira *Viches o león?* pasa de ser un intríngante relato sobre un león triste e errante a converterse nunha fermosa historia de amor pola que sabemos que quen intenta imposibles, como subir á lúa, ou está tolo ou está namorado. Normalmente é o segundo. // **Maria Lado**

